

# CAMPIONATO GALEGO MÁSTER DE FONDO

## «IX MEMORIAL GERARDO STEUDEL»

Tempada 2017/18. Circular 17-25-B.

### 1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Campeonato Galego Máster de Fondo “Memorial Gerardo Steudel” celebrarase durante as datas e na sede establecida no calendario de natación máster para a presente tempada.

1.2.- A competición desenvolverase nunha soa sesión que dará comezo ás 10:00 horas.

1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

### 2.- Programa de probas

<b>Campeonato Galego Máster de Fondo</b>
1.- 1500 Libre Mixto
2.- 800 Libre Mixto

### 3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1998-1994)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1953-1949)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1993-1989)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1948-1944)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1988-1984)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1943-1939)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1983-1979)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1938-1934)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1978-1974)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1933-1929)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1973-1969)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1928-1924)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1968-1964)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1923-1919)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1963-1959)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1918 e anteriores)
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1958-1954)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro de do último ano da tempada en vigor.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

3.3.- Os deportistas de clubs de fora da Comunidade Galega terán que aboar 25 euros por tempada, en concepto de cota de participación nas competicións da FEGAN. Os deportistas deberán ter tramitada a licenza na súa comunidade de procedencia.

3.4.- Cada nadador so poderá participar nunha das probas: 1500 ou 800 libre mixto.

3.5.- As probas de 1500 e 800 libre mixto, segundo os inscritos nela, poderá nadarse con dous participantes por pista, cubríndose as series desde a primeira até completala e así sucesivamente, comezando polas pistas

laterais até a central.

## 4. Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscripción que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións deberán estar en poder da FEGAN **todo máis o xoves da semana previa á competición (10 días antes da celebración da xornada correspondente)**, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas.

4.4.- O mércores anterior á competición estarán publicadas na web da FEGAN as listaxes de inscritos por proba.

## 5. Formula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- Puntuación:

a) A puntuación nas probas individuais será: 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

## 6.- Clasificacións

6.1- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

## 7.- Títulos e premios

7.1.- Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e categoría masculina e feminina.

7.2.- Situarase unha ou dúas mesas para a entrega (categoría masculina e feminina) para que, previa identificación, se poidan ir entregando as mesmas a medida que se vaian confeccionando os resultados sen parar a competición.

7.3.- Trofeo Gerardo Steudell ao mellor clasificado absoluto masculino e á mellor clasificada absoluta feminina de cada proba de acordo coa puntuación da fórmula puntos FINA Máster (RFEN).

7.4.- Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN